

Presidente GDR Limia-Arnoia
Rúa Portelo, nº4-2º andar
32660-ALLARIZ
(Ourense)

ASUNTO: Autorización da corrección erros na resolución pola que se aprobaron os criterios de selección e limitacións sectoriais do GDR A Limia-Arnoia

O día 15/05/2017 tivo entrada no Rexistro Xeral de Agader, solicitude do GDR para a corrección de erros da Resolución citada no encabezamento que fora asinada polo director xeral de Agader o pasado 30/01/2017 e no que se recollen os criterios de selección e priorización de proxectos.

A corrección solicitada refírese a uns datos xeográficos dos concellos de Sarreaus, Vilar de Santos e Xinzo de Limia que figuraban incorrectamente na táboa do baremo “indicadores xeográficos” e que se indican a continuación:

- 1.- A taxa de paro do concello de Sarreaus figura na táboa cun valor de 3,74 cando o valor real é do 23,74 (ano 2015).
- 2.- O valor do Índice de envellecemento do concello de Vilar de Santos que figura na táboa é de 147,20 cando o valor real é de 468,36 (IGE, 2010).
- 3.- O valor do Índice de envellecemento do concello de Xinzo de Limia que figura na táboa é de 261,80 cando o valor real é de 147,20 (IGE, 2010).

Comprobados os erros materiais, Agader autoriza as correccións propostas do baremo tendo en conta os cambios e os valores reais xeográficos dos concellos afectados.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2017

O director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

(Por delegación. Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148, do 5 de agosto)

Miguel Ángel Pérez Dubois.

